

ROTEIRO LITERARIO POR COMPOSTELA

ANTONIO FRAGUAS



XUNTA
DE GALICIA

BREVE BIOGRAFÍA DE ANTONIO FRAGUAS

Naceu no lugar de Insuela, parroquia de Santiago de Loureiro (Cotobade-Pontevedra) o 28 de decembro de 1905. O pai, canteiro e emigrado no Brasil, quería que o seu fillo fose maquinista nese país pero o seu mestre convenceuno para que estudase. Cando falaba da súa formación inicial, Fraguas tamén lembraba a "mamá Antonia", unha muller que traballaba na casa, analfabeta, que sabía "moitas oracións, coplas, contos (...) Foi a miña gran mestra", dirá dela.

Estudou bacharelato en Pontevedra e trasladouse a Santiago -vivió no número 24 da Rúa do Hórreo- para estudar Filosofía e Letras. En 1932 casa en Valga con Teresa Martínez Magariños; non tiveron fillos. Licenciase e dedícase á docencia; obtén por oposición a auxiliaría de Xeografía e Historia na Universidade de Santiago. En 1933 incorpórase como profesor ao Instituto Elemental da Estrada. Coa guerra civil, por mor da súa ideoloxía galeguista e democrática, apártano do ensino público. Fundará a Academia privada Menéndez Pelayo na cidade santiaguesa. No 50 volve aprobar as oposicións e destinano ao Instituto de Ensino Medio de Lugo e logo ao Instituto Rosalía de Castro compostelán, onde se xubila.

Docente, escritor, conversador excelente, historiador, etnógrafo, investigador de distintos ámbitos -como o da arqueoloxía onde estudou e catalogou numerosos castros e inventariou monumentos prehistóricos-, colaborador do Seminario de Estudos Galegos, do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, do Consello da Cultura Galega, membro fundador do Museo do Pobo Galego -do que foi director e presidente-, membro da RAG, socio da Sociedade de Língua portuguesa... Mercedor de numerosos galardóns e recoñecementos como o Pedrón de Ouro, o título de Fillo adoptivo de Compostela e de Lugo, Fillo predilecto do seu concello natal, Premio Trasalba, Medalla Castelao... Tamén o recordan varias rúas que levan o seu nome -como a santiaguesa-, centros sociais -como o de Vite- e institutos -como o IES Antón Fraguas compostelán-.

O autor, en palabras do presidente da Real Academia Galega Víctor Freixanes: "Abre para todos nós a explicación profunda da nosa identidade: o tesouro inmenso da cultura popular". Un "sabio" dos que xa non quedan, ou quedan poucos, amante do galego e de Galicia, co seu idioma, co seu folclore, as súas tradicións, costumes, coplas...

En definitiva, "grande home, grande mestre. Bo, xeneroso, humilde e auténtico", como o define Julián Parga nun artigo recollido na unidade didáctica Antonio Fraguas Fraguas 1909-1999 editada polo Museo do Pobo Galego á que se pode acceder neste enderezo: http://museodopobo.gal/web/uploads/pdf/Antonio_Fraguas_Fraguas.pdf.

Antonio Fraguas falece o 5 de novembro de 1999 en Santiago de Compostela. Tiña 93 anos. Pódese visitar no cemiterio de Boisaca da cidade de Santiago onde tamén descansan Valle-Inclán, Isaac Díaz Pardo e Aurelio Aguirre.



Actividades previas

Ademais das actividades incluídas neste roteiro, pódese ampliar información e participar noutras actividades programadas, para este curso 2018-2019, pola RAG, polo Concello de Cotobade, pola SXPL e polo Museo do Pobo Galego -do que Antonio foi o primeiro director- .

Unidade didáctica para infantil e primaria editada pola Xunta de Galicia e polo Concello de Cotobade: <https://bit.ly/2DMRC34>

Programa actividades Infantil e EP do Museo do Pobo Galego: <https://bit.ly/2Q3y8gF>

Unidade didáctica editada polo Museo do Pobo Galego:
http://museodopobo.gal/web/uploads/pdf/Antonio_Fraguas_Fraguas.pdf

Deseguido, presentamos unha serie de actividades, dirixidas ao alumnado de infantil, primaria, ESO e bacharelato, que complementan o roteiro.

Actividades para educación infantil

1. Visitar a páxina web de Orella Pendella (<https://orellapendella.gal>) e practicar algún dito, canción ou cantiga cos máis pequenos.
2. Presentar as Dúas Mariás e pedirllas que fagan un debuxo delas. Elaborar un marcapáxinas no que apareza o nome do autor do debuxo e a aula á que pertencen.
3. Visitar a páxina web do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro (<http://www.paar.es/?lang=gl>) ou a da Rula (<https://colectivoarula.wordpress.com>); logo, copiar algún dos petróglifos e elaborar chapas con eles. O día que se celebre no colexio o 17 de maio entregaránselles a todas as persoas que visiten a escola.
4. Visitar algún dos petróglifos dos arredores (Vilvestro, Ames, Teo...).
5. Presentar a figura de Antonio Fraguas (por exemplo, empregando a unidade didáctica recollida no Portal da Lingua Galega) e o Día das Letras Galegas.

Actividades para educación primaria

Recoméndase empregar a metodoloxía baseada na aprendizaxe cooperativa.

1. Formar grupos de tres/catro alumnos/as. O docente entregaralles un resumo da biografía de Antonio Fraguas.

- Buscarán no dicionario cal é o significado dos seguintes termos: "arqueoloxía", "etnografía" e "folclore"; explicarán coas súas palabras que queren dicir estas palabras.
- Escollerán unha frase ou unha palabra que para eles identifique a Antonio Fraguas e, cada grupo, pegaraa nun mural que se colocará nunha parede da aula.

2. Le as coplas e responde as cuestións.

Quen me dera ter a min
a gargantiña dun **galo**,
cantar como un **reiseñor**,
falar como un **papagaio**.

· Investiga en internet cales son as características do galo, do reiseñor e do papagaio.

- Cres que o autor acertou nas comparacións?
- Proba a substituír estas aves por outras.
- Entra na páxina da Sociedade de ornitoloxía galega e pescuda cal é a ave do ano 2017. Anota tres características desta ave: <http://www.sgosgo.org/>

Nena dos cabelos loiros
¿que lle botas ao teu pelo?
Auga da flor da montaña
que lle chaman tormentelo.

- A palabra tormentelo é unha variante de tomiño. Investiga para que se utiliza esta planta no seguinte enderezo: <http://bit.ly/tormentelo>

- Por que cres que se lle bota ao pelo?
- Pregúntalles a familiares e veciños por algún remedio caseiro que teña como ingrediente fundamental herbas aromáticas e/ou medicinais. Reunide vinte receitas e elaborade un recetario de herbas aromáticas/medicinais.

3. Preguntarlles aos avós e ás avoas pola festa popular que máis lles gusta. Presentala na aula ante o resto dos compañeiros/as.

4. Investigar sobre a historia das dúas Marias. Logo, elaborar unha ilustración e pegala nun mural acompañada dunha palabra clave.

5. Realizar unha visita ao Museo do Pobo Galego e á exposición ao redor do traxe galego.

6. Tras as visitas, o mestre/a proporá reflexionar sobre estas palabras dedicadas a Fraguas pronunciadas por Víctor Freixanes, presidente da RAG: *O seu labor contribuiu, ademais, a defender o galego, como lingua de expresión válida para calquera coñecemento.*

- Que significa "defender o galego como lingua de expresión válida para calquera coñecemento"?
- Por que Freixanes afirma iso de Fraguas?
- Estades de acordo con esta afirmación?

Actividades para ESO

Recoméndase empregar a metodoloxía cooperativa.

1. Formar grupos de tres ou catro alumnos/as.
2. Cada grupo debe elaborar unha pequena biografía de Antonio Fraguas xunto co recitado dalgunha das coplas recollidas por el. Grávase nun podcast e cólgase na web do centro.
3. Investigar en bibliotecas e en Internet; seleccionar fragmentos das obras. Recollelos nun caderno. Acompañalos de cadansúa ilustración. Posteriormente, abrir un documento en Google drive e compartir estes traballos ou editalos (dixital ou impresos).
4. Ler e realizar a actividade proposta:

Vamos ó muíño vamos,
miña cariña de rosa,
vamos ó muíño vamos
que esta semaniña é nosa.

- Investigar, individualmente, sobre os temas máis tratados nas nosas cantigas populares. Entre todos os membros do grupo seleccionar unha delas e poñerlle música. Gravala en audio ou en vídeo e colgala na web do colexio.

5. Elaboración conxunta dun roteiro co seu percorrido.

6. Roteiro pola cidade.


En cada un dos lugares previamente seleccionados, facer unha parada para traballar coa información atopada (dramatizar unha lectura, ler algunha cita, algunha anécdota biografía de Antonio...). Mentres se realiza o roteiro, o alumnado pode fotografar edificios, a natureza, rúas... Posteriormente, as imaxes editaranse e colgaranse no Facebook, Instagram, blog da aula ou do colexio e no Twitter baixo a etiqueta #Fraguasescolascaticas.

Actividades para bacharelato

Recoméndase empregar a metodoloxía do traballo cooperativo.

1. Formar grupos de tres ou catro alumnos/as.
2. Cada grupo debe elaborar unha pequena biografía de Antonio Fraguas xunto co recitado dalgunha das coplas recollidas por el. Grávase nun podcast e cólgase na web do centro.
3. Uns grupos realizarán unha investigación sobre as feiras galegas e a súa evolución; outros, sobre o traxe galego. Expoñer as conclusións nunha presentación; deben elixir eles o formato (powerpoint, audio, podcast, vídeo, exposición oral...).
4. Investigar e seleccionar fragmentos das obras. Recollelos nun caderno. Acompañar de ilustracións. Compartir estes traballos ou editalos (on-line ou impresos).
5. Elaborar un programa de radio, ou unha revista (impresa/dixital) ao redor da figura do Día das Letras Galegas e de Antonio Fraguas.

ETAPAS ROTEIRO



1ª ETAPA

Museo do Pobo Galego



En 1963 Antonio Fraguas foi nomeado director do Museo Municipal de Santiago en Bonaval e en 1976 participou na creación do Museo do Pobo Galego, do que foi director e presidente. Precisamente, neste museo encóntrase a Fundación Antonio Fraguas, onde se garda a súa biblioteca con máis de 12.000 títulos, incluídos os primeiros que mercou de segunda man cando empezou a estudar bacharelato. Foi tamén, xa na Autonomía, coordinador da sección de antropoloxía cultural do Consello da Cultura Galega, localizado no Pazo de Raxoi, na praza do Obradoiro.

2ª ETAPA

Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento



Neste edificio encóntrase o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, que acolle unha das bibliotecas especializadas máis importantes de Galicia. De estilo renacentista, este antigo Hospital de San Roque, ten as súas orixes no ano 1517, cando se levanta unha capela dedicada a este santo como expresión de gratitude tras verse libre a cidade dun andazo de peste. Destaca o patio interior con 16 columnas, a escalinata e as figuras de San Cosme e San Damián, dous irmáns médicos.

Fraguas empeza a colaborar con esta institución no ano 1944, despois de que desaparecese o Seminario de Estudos Galegos. O instituto naceu a finais de 1943 e converteuse nun lugar de encontro dos máis destacados estudosos da humanística galega e nun dos referentes da vida cultural e científica de Galicia. Actualmente, é un centro de investigación de titularidade compartida coa Xunta de Galicia. O autor compaxinou a docencia co labor de investigación en contacto con distintas institucións como este Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento onde realiza estudos de arqueoloxía, costumes, tradicións, artigos...

Por todo o seu labor, elíxeno membro da Real Academia Galega; ocupa a cadeira que deixara Castelao. No 1956 le o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, ao redor das coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade. Velaquí algunhas delas:

O lugar de Vilalén
de lonxe parece vila.
Ten un caravel na entrada
e unha rosa na saída.

Vamos ó muíño vamos,
miña cariña de rosa,
vamos ó muíño vamos
que esta semaniña é nosa.

Namoreime no espiño
o vento levoume a flor,
malia de quen namora
cousas que do vento son.

Eu collín a flor da xesta
que é a primeira que vén,
desde que te vin a ti non
amei a máis ningún.

O carabel cando nace
abre polas catro esquinas,
o amor cando pretende
non conta senón mentiras.

3ª ETAPA

Algalia de Abaixo e Facultade de Xeografía e Historia



O pazo de Amarante é unha edificación do século XVIII, de estilo barroco, no que destaca o escudo da familia Amarante-Camarasa. No interior, un amplo xardín acubilla árbores moi antigas, entre elas algúns camelios centenarios. Hoxe, acolle o Consello Económico e Social de Galicia, un organismo oficial. Coa guerra civil, e debido á súa ideoloxía galeguista e tamén demócrata, é apartado da docencia pública polo que decide dedicarse ao ensino privado e fundar, neste edificio, a academia Menéndez Pelayo.

Na Facultade de Xeografía e Historia foi onde Antonio Fraguas se iniciou como docente, pois, desde 1929 a 1933, exerceu como profesor auxiliar de Xeografía e Historia. Antiga universidade, o edificio de estilo neoclásico data do século XVIII. Ademais da fachada onde destacan as esculturas dos benefactores da Universidade Lope Gómez de Marzoa, Juan de Ulloa, Álvaro de Cadaval e o conde de Monterrey -colocadas no XIX-, tamén son merecedores dunha visita o claustro axardinado coa fonte, o paraninfo e a sala de lectura.

"Non é doado esquecer a primeira clase, aló polo outono do ano 51, na que un recién chegado profesor de semblante serio expón aos seus alumnos de quinto de bacharelato o seu propósito, o que el chamaba "aprender a aprender".

Pregaba e premiaba a asistencia as clases e non lle fixo falta esixir respecto, porque era a primeira cousa coa que el nos agasallaba. Era mesmo o primeiro acto de xenerosidade, cualidade esta que logo comprobaríamos era unha das súas virtudes. O seu sentido da docencia era por riba de todo vencellador, ausente de imposición e sanción ao uso. (.....) Coa súa natural simpatía convertía as clases en divertimentos adobiados con anécdotas, refráns e datos precisos.

Do insigne profesor quédanos o brillo do grande home, mesmo grande mestre. Bo, xeneroso, humilde e auténtico. E a súa inmorredoiro cortésia. Eso si, como galego verdadeiro, Galicia sempre no seu corazón. Todo un exemplo".


Artigo de Julián Parga recollido na unidade didáctica *Antonio Fraguas Fraguas 1905-1999* editada polo Museo do Pobo Galego

4ª ETAPA

Instituto Rosalía de Castro e Dúas Marías



Na alameda compostelá encóntrase a escultura -realizada polo escultor César Lombredas Dúas Marías, mulleres que namoraron, e namoran, a escritores, guionistas, pintores, a santiagueses, a visitantes da cidade.. Estas irmás tamén intrigaron e engaiolaron a Antonio que escribiu a obra *As Marías: as dúas en punto*: "cinguidas sempre, orgullosas de si mesmas, desafiantes". En fronte, encóntrase o instituto Rosalía de Castro, antigamente Instituto Feminino Rosalía de Castro, onde Antonio Fraguas exerceu a súa vocación como docente compaxinando este labor co da docencia universitaria ata a súa xubilación, en 1975.



"Ensinaba e convencia coa palabra; coa palabra sempre repleta de tenrura pero douta e rigorosa. Non era profesor convencional de programa e libro, xa que disfrutaba agasallando cos seus saberes, que eran moitos, e sobre todo gustaba do estudo práctico. As saídas con el aos museos, aos castros, ás moas, ás igrexas, eran leccións de historia, xeografía, arte, etnografía, e, sempre, Galicia."

Julían Parga en *Antonio Fraguas Fraguas 1905-1999*.

5ª ETAPA

Colexio de Fonseca



A tese de doutoramento de Antonio Fraguas versou sobre este edificio que foi colexio maior compostelán entre os anos 1522 e 1839. Nel afondou na vida do colexio (fundador, primeiros mestres, vida económica, festas...), no edificio (aspectos construtivos e elementos arquitectónicos), aspectos colexiais (colexiais, familiares, reitores...), informes de visita...

Sede orixinal da Universidade de Santiago, hoxe emprégase como sede da biblioteca xeral da USC, sala de exposicións e outros usos universitarios. Destacan o seu claustro renacentista, a capela gótica e o salón de teito artesoado, que alberga exposicións temporais.

No ano 1951 elixeno académico numerario da Real Academia Galega para ocupar a cadeira que deixara Castelao. O seu discurso de ingreso caracterízase pola humildade propia do autor, como se constata coas primeiras palabras:

"Señores académicos, agradecer profundamente o inmerecido honor que se me fixo nomeándome para vir ocupar un posto que non merezo (...) Non debiera ser eu o destinado que son home de poucas letras e a quen a arte lle foi como foi o vento que canta nas ripas dunha cancela".

6ª ETAPA

Seminario Estudos Galegos/Consello da Cultura Galega



Nove estudantes universitarios (entre eles Bouza Brey, Filgueira Valverde e Lois Tobío) manteñen unha xuntanza o día 12 de outubro de 1923, na casa onde vivira Rosalía de Castro en Ortoño –pertencente ao Concello de Ames-. Nesta reunión acordan a creación do Seminario de Estudos Galegos.

Antonio Fraguas será un dos colaboradores deste seminario que tiña como obxectivo "o estudo de todas as manifestacións da cultura galega, atendendo á formación dos investigadores e á divulgación do resultado dos traballos". Estaba dividido en doce seccións (historia, ciencias sociais, prehistoria, etnografía, filoloxía...) e, para adquirir a condición de socio numerario, era obrigatoria a lectura dun traballo orixinal en galego. Nesta institución inaugurou en Galicia, baixo a dirección de Ramón Otero Pedrayo, os estudos de xeografía histórica e afondou, entre outros temas, no Entroido. Publicou ademais, numerosos libros, e artigos en revistas e xornais como *Nós* e *A Nosa Terra*.

No Consello da Cultura Galega encóntrase a sede do Novo Seminario de Estudos Galegos, creado en 1978 para retomar os principios da institución fundada en 1923 de estudar e divulgar o patrimonio cultural galego e formar novos investigadores.



Escudo deseñado por Castelao: Dous círculos concéntricos que xiran arredor dun cáliz con cinco estrelas e unha pomba, coas lendas SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS - COMPOSTELA e DEUS - SCIENTIA - GRATRESQUE - GALLÆTIÆ

Bibliografía

González, Clodio: *Antonio Fraguas: Profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo. Galego de ben*. Colección Galegos na Historia. Ir Indo, Vigo, 1998.
Junquera, Paula: *Unidades didácticas. Antonio Fraguas Fraguas. 1905-1999*. Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, 2005.

Páxinas web consultadas:

Museo do Pobo Galego e Fundación Antonio Fraguas: <https://museodopobo.gal>

Real Academia Galega: <https://academia.gal/>

Portal da Lingua Galega: www.lingua.gal

Consello da Cultura Galega e Novo Seminario de Estudos Galegos: consellodacultura.gal


Concello de Cotobade: www.cerdedo-cotobade.gal

Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento: www.iegpps.csic.es

Sociedade de ornitoloxía galega: <http://www.sgosgo.org/>

Colectivo A Rula: <https://colectivoarula.wordpress.com>

Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro: <http://www.paar.es/?lang=gl>



AUTORÍA: Rosario Baleirón **Sóñora**
MAQUETAXE: Xabier Martínez
PUBLICACIÓN: Escolas Católicas co apoio da
Consellería de Cultura e Turismo
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Xaneiro 2019

"Vaia o meu fondo, pero moi fondo, o máis fondo que pode ser un sentimento de agradecido, pero reparen que eu non son merecente de semellante lembranza, lembranza nominal de rúa, non; porque eu non fixen mais que cumprir cunha obriga, a obriga de ensinar, principalmente de ensinar a aprender e de fortalecer a personalidade".

Palabras de agradecemento de Antonio Fraguas cando lle
dedicaron unha rúa en Santiago de Compostela
28/05/1986



XUNTA
DE GALICIA